



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E UN DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE
(ACTA NÚMERO 08)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luís Raposo Magdalena

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e un de febreiro de dous mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste a Sra. Deputada D^a. Mónica Freire Rancaño.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA CATORCE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día catorce de febreiro de dous mil vinte que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN POR LOTES DOS SEGUROS PRIVADOS DE DANOS EN BENS MOBLES E INMOBLES, RESPONSABILIDADE CIVIL, FROTA DE VEHÍCULOS, VIDA E ACCIDENTES, SEGURO DE GANDO VACÚN E SEGURO DE GANDO CABALAR, DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da contratación das pólizas dos seguros privados de danos en bens mobles e inmoables, responsabilidade civil, frota de vehículos, vida e accidentes, seguro de gando vacún e seguro de gando cabalar da Deputación Provincial de Lugo, consta no mesmo:

Informe de necesidade da contratación, con CSV: IV66U6A6DP7NVXO44TQCOUKFII.

Informe de insuficiencia de medios, con CSV: V66U6AYJJ5IXTVM4NN4L4IBGM.



Providencia de inicio, con CSV: IV66U6A6DP7NVXO44TQCOUKFII.

Prego de prescricións técnicas.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito.

Prego de cláusulas administrativas particulares.

Informe xurídico con CSV IV66QWLZPB4NJVF52MWBPZ3H44.

Á vista do exposto, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación por lotes das pólizas dos seguros privados de danos en bens mobles e inmoables, responsabilidade civil, frota de vehículos, vida e accidentes, seguro de gando vacún e seguro de gando cabalar da Deputación Provincial de Lugo.

Este procedemento divídese en seis lotes en concordancia coa tipoloxía de riscos que deben ser asegurados polas empresas adxudicatarias.

LOTE	SEGURO
1	Seguro de danos en bens mobles e inmoables
2	Seguro de responsabilidade civil
3	Seguro de la flota de vehículos e maquinaria.
4	Seguro de vida e accidentes para todo o persoal en activo e corporativos
5	Seguro de explotación de gando vacún de reprodución e produción da Granxa Gayoso Castro
6	Seguro de gando caballar da Granxa Gayoso Castro

2º.- A duración dos contratos será de dous anos, con entrada en vigor segundo se indica a continuación:

LOTE	SEGURO	ENTRADA EN VIGOR
1	Seguro de danos bens mobles e inmoables	00.00 horas do día 31 de marzo de 2020 *
2	Seguro de responsabilidade civil	00.00 horas do día 31 de marzo de 2020 *
3	Seguro de la flota de vehículos e maquinaria	00.00 horas do día 31 de marzo de 2020 *
4	Seguro de vida e accidentes para todo o persoal en activo e corporativos	00.00 horas do día 1 de abril de 2020 *
5	Seguro de explotación de gando vacún de reprodución e produción da Granxa Gayoso Castro	A partir do día seguinte ao da subscrición da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto, unha vez formalizado o contrato.
6	Seguro de gando caballar da Granxa Gayoso Castro-	A partir do día seguinte ao da subscrición da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto, unha vez formalizado o contrato.

Con independencia da data en que se formalice ao tratarse de un contrato privado, suxeito en canto aos efectos e cumprimento ao dereito privado e singularmente á Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contratos de seguro, ao establecer no artigo 6º que por acordo das partes, os efectos de seguro poderán retrotraerse ao momento da solicitude ou de formalización da proposición . O contrato poderá prorrogarse , se ben a prórroga non poderá superar os 12 meses (1 ano), cada vez que se efectúe, podendo prorrogarse en dúas ocasións ata un máximo de dúas anualidades, sen que a duración total do contrato exceda dos 4 anos.

3º.- Aprobar o contido integro do expediente incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, os que se conteñen de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación previstos no PCAP que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato.

4º.- Aprobar o gasto segundo orzamento base de licitación que é de (988.099,58 €), IVE exento, para os seis lotes, co seguinte desglose:



LOTE	SEGURO	PRIMA/ANO (IVE EXENTO)	ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (2 ANOS)
1	Seguro de danos bens mobles e inmobles	90.000,00	180.000,00
2	Seguro de responsabilidade civil	84.000,00	168.000,00
3	Seguro de la flota de vehículos e maquinaria	57.200,00	114.400,00
4	Seguro de vida e accidentes para todo o persoal en activo e corporativos	246.000,00	492.000,00
5	Seguro de explotación de gando vacún de reprodución e produción da Granxa Gayoso Castro	14.349,79	28.699,58
6	Seguro de gando caballar da Granxa Gayoso Castro	2.500,00	5.000,00
	TOTAL	494.049,79	988.099,58

5º.- Polo que se refire ás obrigas que se deriven da presente contratación, consta no expediente informe de Intervención, no que se recolle o seguinte:

“O importe do contrato ascende a 988.099,58€, IVE engadido, e financíase de acordo as seguintes anualidades:

TIPO DE SEGURO	LOTE	APLICACIÓN	IMPORTE 2020	RC	IMPORTE 2021	RC
DANOS MATERIAIS	1	9200.224	90.000,00	22020/1276	90.000,00	220209/29
RESPOMNSABILIDADE CIVIL	2	9200.224	84.000,00	22020/1277	84.000,00	220209/30
VEHICULOS E MAQUINAS	3	9201.224	57.200,00	22020/1282	57.200,00	220209/31
VIDA E ACCIDENTES	4	2210.16205	246.000,00	22020/1283	246.000,00	220209/32
GANDO VACUN	5	4120.224	14.349,79	22020/1360	14.349,79	220209/33
GANDO CABALLAR	6	4120.224	2.500,00	22020/1361	2.500,00	220209/34
		SUMA	494.049,79		494.049,79	

Existe consignación nas Aplicación Orzamentaria que se indicada, do orzamento de gastos do 2020, pola cantidade de 494.049,79 €, para a anualidade 2020. (...)”

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e de cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2021 a cantidade de 494.049,79 euros”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL E UNIFORMIDADE/ROUPA DE TRABALLO DESTINADOS Á PLANTILLA DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de equipos de protección individual e uniformidade/roupa de traballo destinados á plantilla da Deputación de Lugo, consta no mesmo:

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV66W6Z2F4FZWVH3YB4SKU7BKM¹.

Prego de prescricións técnicas. IV66W6Z2F77I2XG6SQGBD5R7OM1.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV66QUKKBF5J3W5Q4FV6ET77Y.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV66QUJ4ZQXZLKPNCT5E672HE4.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV66QUICZ5Z7JOZM6145AMYWMQ.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



1º.- Aprobar a contratación da subministración de equipos de protección individual e uniformidade/roupa de traballo destinados á plantilla da Deputación de Lugo, cunha duración de un ano, prorrogable por outro ano e con división en lotes:

Lote 1: Equipos de protección individual (EPI)

Lote 2: Uniformidade/roupa de traballo

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 74.712,14 euros. O orzamento base de licitación inclúe 15.592,93 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 59.119,21 euros de base, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP, atendendo ao seguinte desglose:

Lotes	Orzamento (SEN IVE)	IVE 21%	Orzamento (CON IVE)
Lote 1: EPI	48.858,85 €	10.260,36 €	59.119,21 €
Lote 2: Roupa de traballo	12.886,72 €	2.706,21 €	15.592,93 €
Suma	61.745,57 €	12.966,57 €	74.712,14 €

O gasto financíase de acordo as seguintes anualidades:

CENTRO	LOTE	APLICACIÓN	IMPORTE 2020	RC	IMPORTE 2021	RC
PARQUE MOBIL	1	9201.22104	21.880,70	22020/2227	5.470,18	220209/61
	2	9201.22104	3.917,20	22020/2228	979,30	220209/62
UNIDADE DE MENTEMENTO	1	9200.22104	4.345,22	22020/2229	1.086,30	220209/63
	2	9200.22104	2.074,09	22020/2230	518,52	220209/64
ARTESANIA E DESEÑO	1	2413.22104	1.043,15	22020/2231	260,79	220209/65
	2	2413.22104	666,65	22020/2232	166,66	220209/66
MEDIO AMBIENTE	1	1720.22104	262,85	22020/2233	65,71	220209/67
	2	1720.22104	623,28	22020/2234	155,82	220209/68
GRANXA PROVINCIAL	1	4120.22104	9.473,96	22020/2235	2.368,49	220209/69
	2	4120.22104	1.451,03	22020/2236	362,76	220209/70
VÍAS E OBRAS	1	4500.22104	8.395,38	22020/2237	2.098,84	220209/71
EXPROPIACIONES	1	4500.22104	1.894,12	22020/2238	473,53	220209/72
CAM TRABADA	2	2315.22104	450,41	22020/2342	112,51	220209/41
CAM RIBADEO	2	2315.22104	450,02	22020/2356	112,51	220209/43
CAM POL	2	2315.22104	450,02	22020/2359	112,51	220209/45
CAM FONSAGRADA	2	2315.22104	450,02	22020/2361	112,51	220209/47
CAM CASTROVERDE	2	2315.22104	504,86	22020/2362	126,22	220209/48
CAM PEDRAFITA	2	2315.22104	504,54	22020/2364	126,14	220209/51
CAM MEIRA	2	2315.22104	466,14	22020/2365	116,54	220209/52
CAM RIBAS DE SIL	2	2315.22104	466,14	22020/2366	116,54	220209/53
			59.769,79		14.942,34	

Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2020 pola cantidade de 59.769,79 €, para a anualidade 2020.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2021 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.

Os gastos plurianuais están sometidos ás limitacións establecidas no art. 174 do R.D. lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 79 a 88 do Decreto 500/1990 de 20 de abril, e regúlanse na base nº 19 de execución do Orzamento xeral vixente, dos que se deducen os seguintes requisitos:



1 - A execución do gasto debe iniciarse no propio exercicio

2 - As anualidades non excederán de 4 anos

3 - Contratos que non poden ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano.

Cúmprese os requisitos 2º e 3º e está previsto que o gasto se inicie no presente exercicio”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE GASÓLEO C PARA O FUNCIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS TÉRMICAS DOS DIFERENTES CENTROS PERTENCENTES A ESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de gasóleo C para o funcionamento das instalacións térmicas dos diferentes centros pertencentes á Deputación de Lugo, consta no mesmo:

Orde de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV66UWRLDP6TTH5ZYFY4AF7T6I.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV66WEBDEFZMIWPMUN5CIJLFAA.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV66UPLPFNVJXBPYYBQVA3RQC4.

Informe complementario, con CSV: IV66WTQTJE5236MOAZXBERSSOA.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV66WELJHUF6ZFETQBURGE2SF4.

Informe xurídico firmado polo Asesor Técnico de Contratación, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV66WEKKYAUM7PJLS3WXMIJTIY.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV66WKLTB4O6RXZSYIORAA7HAQ.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da subministración de gasóleo C para o funcionamento das instalacións térmicas dos diferentes centros pertencentes á Deputación de Lugo, cunha duración inicial dun ano coa posibilidade dunha prórroga anual.

2º.- Aprobación do contido íntegro do expediente incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e ao informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como criterio de puntuación, así como a obtención de melloras na prestación a través das ofertas realizadas polos licitadores.



3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios non suxeito a regulación harmonizada, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 45.980,00 euros. O orzamento base de licitación inclúe 7.980,00 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 38.000,00 euros de base, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DAS PRESTACIÓNS DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación de data 18 de febreiro de 2020, no que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

Actuacións preparatorias, que inclúen informes técnicos xustificativos da necesidade, a idoneidade e a proposta de inicio de expediente de contratación.

Prego de prescricións técnicas.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento.

Informe xurídico-administrativo conformado pola Secretaría xeral.

Fiscalización limitada previa do expediente.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 11 de outubro do 2019, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto.

Publicación, o día 18 de outubro do 2019, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 21 de novembro do 2019, para apertura da documentación administrativa (sobre A) e criterios sometidos a xuízo de valor (sobre B).

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 26 de decembro do 2019, para valoración de criterios sometidos a xuízo de valor e apertura de criterios avaliábles automaticamente.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 31 de xaneiro do 2020, para xustificación de ofertas anormalmente baixas, valoración e proposta de adxudicación.



Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 5 de febreiro do 2020, para corrección de clasificación sen alterar proposta como adxudicataria.

Resolución de Presidencia de data 6 de febreiro de 2020, notificada o 7 de febreiro, pola que se procedeu a requirir á empresa Servicios de Teleasistencia, S.A. (Atenzia) a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e a cláusula décimo sétima do PCAP.

A empresa atendeu en tempo e forma o requirimento de documentación administrativa o día 17 de febreiro de 2020.

Lexislación Aplicable.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Restante normativa de xeral e concordante aplicación.

Consideracións Xurídico- Administrativas.

Incoouse expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación das prestacións de teleasistencia domiciliaria da Deputación provincial de Lugo.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación da LCSP, xa que non figura en ningún dos supostos recollidos nos seus artigos 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos. Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a. Recóllese, na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP. O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, de acordo co artigo 17 da LCSP, ao conformar prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención de un resultado, distinto de unha obra ou unha subministración. É susceptible de recurso especial en materia de contratación, dado que o valor estimado supera os 100.000 euros. É un contrato suxeito a regulación harmonizada.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLC, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudícase mediante procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación, de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre



competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta consonte cos artigos 145 e 146 da LCSP. Motívase a elección do procedemento e sistema indicados en atención á posibilidade que, a estes efectos, establece o artigo 131 da LCSP. En consideración ao indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación (cualitativos e de prezo) reflíctense, debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación do 21 de novembro do 2019, deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente, que foron as seguintes:

- Clece, S.A.
- Cruz Roja Española Lugo
- Eulen Servicios Sociosanitarios S.A.
- Ilunion Sociosanitario S.A.
- Quavita Services Asistenciales S.A.
- Sacyr Social S.L.
- Servicios De Teleasistencia S.A.

Tendo en conta que as empresas concorrentes presentaron en tempo e forma a súa respectiva proposta, procedeuse á apertura e exame do sobre A, documentación administrativa, resultando que as licitadoras presentan as declaracións responsables esixidas nos pregos de cláusulas administrativas debidamente.

A Mesa de Contratación acordou admitir as propostas das mesmas ao proceso de adxudicación e proceder a apertura do sobre B (sobre electrónico), relativo aos criterios avaliados mediante xuízo de valor, recollidos na cláusula décimo segunda do PCAP, resultando que as licitadoras presentaron as memorias técnicas explicativas acompañadas das propostas de protocolos de actuación.

A Mesa acordou enviar a documentación contida nos sobres B presentados polas licitadoras

a informe e valoración da Sección de Benestar Social.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación do 26 de decembro do 2019, entregouse copia aos asistentes do informe elaborado por Dna. Silvia García López, Xefa da Sección de Benestar Social e Igualdade, impartindo esta unha explicación do mesmo e que se resume no seguinte:

Criterios de adxudicación avaliados mediante xuízo de valor		Puntuación Máxima
Cualitativos	8.- Calidade técnica da proposta para as prestacións contratadas	35
	9.- Compromiso de aplicación de medidas de conciliación entre a vida persoal e familiar coa laboral.	3
Total criterios de adxudicación avaliados mediante xuízo de valor		38

LICITADORA	Calidade técnica da proposta para as prestacións contratadas	Compromiso de aplicación de medidas de conciliación entre a vida persoal e familiar coa laboral.	PUNTUACIÓN	PONDERACIÓN
EULEN	21	0,70	21,70	21,70%
SACYR SOCIAL	22	2,40	24,40	24,40%
DOMUS VI	25	1,80	26,80	26,80%
CLECE	23	1,40	24,40	24,40%
ATENZIA	31	1,50	32,50	32,50%
ILUNION	21	1,60	22,60	22,60%
CRUZ ROJA	17	0,40	17,40	17,40%

O informe foi asumido polos integrantes da Mesa de Contratación, sen que se efectuase observación algunha por parte dos asistentes.

As puntuacións, feitas públicas, son as que se reproducen no cadro precedente. Acto seguido procedeuse á apertura do sobre C (criterios cuantificables mediante cifras, porcentaxes ou valores automáticos):



Criterios	Criterios de adjudicación avaliables mediante fórmulas ou automaticamente	Puntuación máxima
Cuantitativo	1.- oferta económica	30
Cualitativos	2.- compromiso de achega de balde de terminais	6
	3.- compromiso de achega de balde de dispositivos periféricos.	6
	4.- compromiso de achega de balde de dispositivos de teleasistencia móbil xeolocalización e monitorización adaptados tecnolóxicamente	6
	5.- compromiso de achega de balde de dispositivos para persoas con dificultades de comunicación verbal e ou auditiva	6
	6.- fomento da contratación indefinida	5
	7.- plan anual de formación do persoal	3
Total criterios de adjudicación avaliables mediante fórmulas		62

	EULEN	SACYR	QUAVITAE	CLECE	ATENZIA	ILUNION	CRUZ ROJA
1.1.Oferta económica, importe total anual sen IVE	315.363€	352.243,80€	310.315,80€	321.913,80€	279.713,40€	282.427,20€	220.747,80€
1.2.P.U. titular usuarias principais	16,90€	17,55€	16,63€	17,25€	14,99€	15,12€	11,83€
1.3.P.U. persoas beneficiarias ou adicionais con UCR	0€	9,59€	0€	0,01€	0€	0,11€	0€
1.4.P.U.beneficiarias sen UCR ou indirectas	0€	5,62€	0€	0,01€	0€	0,07€	0€
2.Terminais	60	60	60	60	60	60	60
3.Dispositivos periféricos	48	48	48	48	48	48	48
4.Dispositivos teleasistencia mobilxeolocalización	48	48	48	48	48	48	48
5.Dispositivos persoas con dificultades	48	48	48	48	48	48	48
6.Contratación indefinida	9/11	6654/10237	3679/5065	10548/19133	389/680	888/1317	31/49
7.Plan anual formación	51 hs	51 hs	51 hs	50 hs	50 hs	55 hs	50 hs

A Mesa acordou que polo Servizo de Contratación se efectuaran os trámites de subsanación de erros e xustificación de ofertas desproporcionadas existentes.

En canto o Criterio 1, oferta económica:

A licitadora Eulen Servicios Sociosanitarios S.A. ofertou un prezo total anual de 315.363 euros, sen IVE. Esta cifra difire da oferta de prezos unitarios sen IVE presentada polo mesmo licitador,

16,90 € ao mes por titular usuario principal que, multiplicado polos 1555 usuarios e 12 meses, arrojaría un total anual de 315.354 euros sen IVE.

O Prego de Cláusulas Administrativas recolle que “en caso de contradición entre os prezos ofertados e o prezo total ofertado, primarán os prezos unitarios sen IVE para o cálculo dos restantes ítems do prezo”. Polo exposto, a oferta que se terá en conta será a de prezos unitarios, é dicir, 315.354 euros.

En canto ao Criterio 7, plan de formación:

Detectouse que a licitadora Ilunion Sociosanitario S.A. non incluíu no sobre C o “programa detallado con indicación de contidos, destinatarios, duración de cada curso ou actividade formativa, datas e horarios de impartición e profesorado (titulación) encargado da mesma, a xuntar no sobre C” que se esixe na cláusula 12 (criterio 7) do PCAP. Concedeuse á empresa o prazo de tres hábiles para subsanar esta deficiencia.

As ofertas presentadas considéranse en presunción de desproporcionadas ou anormalmente baixas, regulada no artigo 149 da LCSP, se están por riba da seguinte porcentaxe: 27,92 % e contía: 519.141,60 euros (importe dous anos).

Detectouse que a oferta económica da licitadora Cruz Roja Española é anormalmente baixa ou desproporcionada, polo que a Mesa acordou conceder trámite de audiencia ao licitador a fin de que xustificara a oferta e precise as condicións da mesma.

Na Mesa de Contratación, reunida en acto público o 31 de xaneiro de 2019, deuse conta de que a licitadora Ilunion Sociosanitario S.A. non presentou documentación ningunha.

Deuse conta do informe sobre baixa anormal ou desproporcionada. elaborado por Dona Silvia García López, Xefa da Sección de Benestar Social e Igualdade, sobre xustificación de oferta anormalmente baixa presentada por Cruz Roja Española en Lugo, que conclúe o seguinte:



“A licitadora non xustifica satisfactoria nin coherentemente a oferta anormalmente baixa presentada, constando un erro determinante como é que o custe de persoal reflectido no escrito de alegacións non sería suficiente para asumir o importe do persoal obxecto de subrogación, así mesmo, non quedando acreditado os requisitos mínimos materiais, nin persoais establecidos nos pregos de prescricións técnicas que rexen a contratación”.

O informe foi asumido polos integrantes da Mesa, sen que se efectuase observación algunha por parte dos asistentes. A cláusula décimo terceira do PCAP (ofertas con valores anormalmente baixos ou desproporcionados) establece: (...) “Se o Órgano de Contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes técnicos preceptivos, estimase que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, excluírá a mesma da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, consonte fosen clasificadas, de acordo co art. 150.1 da LCSP”. Polo tanto, a licitadora Cruz Roja Española en Lugo foi excluída da clasificación e realizouse a valoración coas licitadoras admitida.

Tratáronse unha serie de cuestións previas á valoración:

Criterio nº 1: Oferta económica.

A cláusula 12 do PCAP dispón:

“As ofertas económicas valoraranse aplicando a seguinte fórmula para cada item:

$$Po = Pu \times \frac{MP}{PO}$$

Onde:

Po = puntuación da oferta

PO= oferta presentada

Pu= Puntuación de cada ítem

MP= oferta máis baixa presentada”

No caso dos criterios oferta económica (subcriterios 2 –cotitular 1. persoas beneficiarias ou adicionais con ucr- e 3 -cotitular 2. beneficiarias sen ucr ou indirectas-), vista a existencia de ofertas iguais a cero, que poden distorsionar a aplicación das fórmulas previstas, atribúese o máximo valor a estas ofertas, e para o cálculo da puntuación do resto das ofertas utilízase a fórmula prevista no PCAP, pero considerando o valor mínimo 0,000001, valor cercano a cero.

Con este criterio se garante a funcionalidade da fórmula sen alterar o seu espírito, nin a ponderación efectiva das distintas ofertas admitidas.

Dita solución se ten admitido pola doutrina administrativa de diversos tribunais administrativos, tanto no sentido de que o valor “0” respecto de unha das prestacións establecidas no contrato, non resta carácter oneroso nin determinado ao mesmo , como respecto da solución da avaliación do criterio mediante aproximación da oferta ao valor “0”, seguindo criterios legalmente establecidos, que permita operar lóxicamente coa forma matemática, respectando o seu espírito, proporcionalidade e finalidade sen prexuízo de terceiros.

Criterio nº 6: Fomento da contratación indefinida.

A cláusula 12 do PCAP dispón que valorarase coa máxima puntuación a empresa que teña, no momento de presentar a oferta, a maior porcentaxe de persoas traballadoras con contrato indefinido sobre o total de persoas traballadoras contratadas, no ámbito funcional do sector definido no convenio colectivo sectorial de aplicación.

O Anexo V do PCAP fixaba tamén o modelo de declaración responsable que tiñan que aportar os licitadores:

“O número de traballadores contratados pola empresa á que represento, no ámbito funcional das prestacións obxecto deste contrato, é de traballadores.



O número particular de traballadores con contrato indefinido, no ámbito funcional das prestacións obxecto deste contrato (sector de servizos de atención ás persoas dependentes e desenvolvemento da promoción da autonomía persoal) da empresa a cal represento é de.....traballadores”.

A licitadora Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A. declara:

“El número de trabajadores contratados por la empresa a la que represento, en el ámbito funcional de las prestaciones objeto de este contrato (Teleasistencia domiciliaria), en la provincia de A Coruña es de 11 trabajadores.

El número particular de trabajadores con contrato indefinido, en el ámbito funcional de las prestaciones objeto de este contrato (sector de servicios de atención a las personas dependientes y desarrollo de la promoción de la autonomía personal) de la empresa a la cual represento en la provincia de A Coruña es de 9 trabajadores”.

Así, a licitadora Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A. non declarou o esixido no PCAP (cláusula 12 e Anexo V), xa que se refire á provincia de A Coruña e non ao ámbito funcional das prestacións nos termos do modelo alterando a definición do criterio de puntuación. Polo que a Mesa acordou conceder cero puntos á licitadora neste apartado.

Criterio nº 7: Plan anual de formación.

A cláusula 12 do PCAP dispón que non se valorarán as propostas de formación que incumpran os requisitos anteriores (aportar plan de formación).

A licitadora Ilunion Sociosanitario S.A. non presentou documentación ningunha, polo que a Mesa acordou conceder cero puntos á licitadora neste apartado.

Procedeuse a clasificar as propostas presentadas. Retirado o público asistente, detectouse un erro ao trasladar as puntuacións de cada oferta ao cadro, que non reflicten as decisións adoptadas

previamente pola Mesa, en canto a Eulen Servicios Sociosanitarios S.A. no criterio 6 (fomento de contratación indefinida) e Ilunion Sociosanitario S.A no criterio 7 (plan anual de formación). A correcta traslación das puntuacións ao cadro final resumo non afecta á condición da empresa mellor clasificada como a proposta para requirimento, se ben varía as puntuacións lidas no acto público, polo que procede dar conta do correcto resultado final de xeito que a Mesa de Contratación acordou celebrar nova sesión para dar conta en acto público de dita incidencia.

Na Mesa de Contratación celebrada o 5 de febreiro de 2020 fixéronse públicas as puntuacións outorgadas ás licitadoras en cada criterio:

			EULEN	SACYR	QUAVITAE	CLECE	ATENZIA	ILUNION	CRUZ ROJA
	Ptos. Max.	Importe sen IVE	OFERTA						
Criterio 1-1 Oferta económica	20	17,79	16,90	17,55	16,63	17,25	14,99	15,12	
Criterio 1-2 Oferta económica	6	10,67	0,00	9,59	0,00	0,01	0,00	0,11	
Criterio 1-3 Oferta económica	4	7,12	0,00	5,62	0,00	0,01	0,00	0,07	
Oferta Económica Calculada			630.708,00	704.487,60	620.631,60	643.827,60	559.426,80	564.854,40	
Oferta Económica Presentada	30	720.219,03	630.726,00	704.487,60	620.631,60	643.827,60	559.426,80	564.854,40	
Criterios 6 contratación indefinida	5	100	-	0,65	0,73	0,55	0,57	0,67	
VALORACION									
Criterio 1-1 Oferta económica (TITULAR)			17,74	17,08	18,03	17,38	20,00	19,83	
Criterio 1-2 Oferta económica (COTITULAR 1)			6,000000	0,000001	6,000000	0,000600	6,000000	0,000055	
Criterio 1-2 Oferta económica (COTITULAR 2)			4,000000	0,000001	4,000000	0,000400	4,000000	0,000057	
TOTAL Criterio 1 Oferta económica			27,740000	17,080002	28,030000	17,381000	30,000000	19,830112	
CRITERIOS 6 contratación indefinida			0,00	4,47	5,00	3,79	3,94	4,64	
Criterios 7 e 8 Xuízo valor	38		21,70	24,40	26,80	24,40	32,50	22,60	
Criterio 2 terminais	6		6,00	6,00	6,00	6,00	6,00	6,00	
Criterio 3 dispositivos periféricos	6		6,00	6,00	6,00	6,00	6,00	6,00	
Criterio 4 dispositivos teleasistencia mobil xeolocalización e monitorización	6		6,00	6,00	6,00	6,00	6,00	6,00	
Criterio 5 dispositivos persoas con dificultades comunicación	6		6,00	6,00	6,00	6,00	6,00	6,00	
Criterio 7 plan anual formación	3		3,00	3,00	3,00	3,00	3,00	0,00	
SUMA TOTAL			76,440000	72,950002	86,830000	72,571000	93,440000	71,070112	



Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Excluír á licitadora Cruz Roja Española da licitación, con base no informe técnico, ao non considerarse xustificada a súa oferta desproporcionada ou anormalmente baixa.

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, aceptadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co artigo 150 da LCSP e a cláusula 13 do PCAP, co seguinte resultado:

Orde	Licitadores	Puntuación Total
1	Servicios de Teleasistencia S.A. (Atenzia)	93,440000
2	Quavita Services Asistenciales SAU	86,830000
3	Eulen Servicios Sociosanitarios S.A.	76,440000
4	Sacyr Social S.L..	72,950002
5	Clece, S.A.	72,571000
6	Ilunion Sociosanitario S.A.	71,070112

Requirir á empresa Servicios de Teleasistencia S.A. (Atenzia), para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Por resolución da Presidencia de data 6 de febreiro de 2020, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presentara a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas e no cadro resumo. O día 7 de febreiro de 2020 notificouse o requirimento á empresa. A empresa presentou o 17 de febreiro de 2020 a documentación solicitada, en tempo e forma. Consta informe da Sección de Benestar sobre suficiencia de solvencia técnica e adscrición de medios materiais e persoais.

O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial”.

Polo que vai dito e en base ao mesmo, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa, Servicios de Teleasistencia (Atenzia), a contratación das prestacións de teleasistencia domiciliaria da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- A empresa adxudicataria comprométese a prestar o servizo de teleasistencia por un prazo de dous anos e ata un importe máximo de 559.426,80 euros, aos que se engadirán 22.377,08 euros (4 %) en concepto de IVE, o que ascende a un total de 581.803,88 euros.

Os prezos unitarios que rexerán a contratación serán os seguintes:

Persoa usuaria	Unidades	Prezo unitario sen IVE	IVE (4%)	Total prezo unitario con IVE
Titular. Usuarias principais ou directas	1.555	14,99 € /mes	0,60 €	15,59 € /mes
Cotitular1. Persoas beneficiarias ou adicionais con UCR	180	0 € /mes	0 €	0 € /mes
Cotitular 2. Beneficiarias sen ucr ou indirectas	60	0 € /mes	0 €	0 € /mes

A empresa comprométese a achegar de balde:

- 60 terminais (persoas usuarias principais).
- 48 dispositivos periféricos detectores de caídas, de gas, de fumes, de movemento e de presenza.



- 48 dispositivos de teleasistencia móvil que contengan un sistema de xeolocalización e monitorización adaptados tecnoloxicamente.
- 48 dispositivos terminais que faciliten a utilización do servizo a persoas con dificultades de comunicación verbal ou auditiva.
- 50 horas de formación do persoal.

Tendo en conta a data prevista de inicio da subministración, en marzo de 2020, a distribución por anualidades é a seguinte:

Anualidade	Importe con IVE incluído (euros)
2020	242.418,30
2021	290.901,94
2022	48.483,64
Total	581.803,88

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2021 e 2022 as cantidades de 290.901,94 e 48.483,64 euros, na aplicación indicada.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- O contrato terá unha duración máxima de vixencia de dous anos, contados dende o día seguinte a subscripción da acta de inicio, prorrogables por outras dúas anualidades ate un máximo de catro anos (2+1+1).

5º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos-perfil do contratante

(<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala na notificación da adxudicación”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- DECLARAR, SE PROCEDE, DESERTA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EMULSIÓN ASFÁLTICA C65B3 TRG, PARA O PARQUE MÓBIL DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que se recollen as seguintes consideracións:

“Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da Subministración de emulsión asfáltica C65B3 TRG para o Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo, coas características especificadas no prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas aprobados pola Xunta de Goberno, en sesión ordinaria, celebrada con data 03 de xaneiro de 2020.

En cumprimento do acordado pola Xunta de Goberno, o anuncio de licitación foi publicado na plataforma de contratación do sector público o día 06 de xaneiro de 2020; xunto co anuncio de licitación publícanse os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas reitores da contratación de referencia, xunto co resto de documentación preparatoria do contrato.

Na mesma data foi remitido o preceptivo anuncio de licitación ao Diario Oficial da Unión Europea, anuncio que se publica neste diario o día 7 de xaneiro de 2020.



O día 4 de febreiro de 2020 reúnese a mesa de contratación co obxecto de proceder á apertura e avaliación das propostas presentadas.

Neste acto, segundo se recolle na acta que obra no expediente, en primeiro lugar, deuse conta, que segundo os datos que constan na Plataforma de Contratación do Sector Público, os único licitador presentado a este procedemento foi a empresa REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A.

Considerando que a única empresa concorrente presenta dentro de prazo a súa proposta, procédese á apertura do sobre A presentado, resultando que o licitador presenta a documentación mínima requirida no PCAP (Anexo I: Declaración responsable sobre o cumprimento de requisitos previos) debidamente cumprimentada e asinada, procédese á apertura do sobre B: Criterios cualitativos cuantificables mediante aplicación de fórmulas ou avaliáveis de forma automática, resultando que a empresa REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A.: “(...) se compromete a subministrar á Deputación Provincial de Lugo emulsión asfáltica C65B3 TRG , por importe de 650.000,00 euros, aos que se engadirán 136.500,00 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE),o que ascende a un total de 786.500,00 euros, atendendo ao seguinte prezo unitario:

274 €/Tonelada de emulsión asfáltica tipo C65B3 TRG, subministrada en planta, máis 57,54 € en concepto de IVE, o que ascende a un total de 331,54 - € (...)”

Tendo en conta que nos PCAP, concretamente no apartado F do cadro resumo da licitación, no parágrafo cuarto da cláusula 4.1 e no Anexo III, denominado “Modelo de proposición económica con criterios avaliáveis automaticamente mediante fórmulas matemáticas”, se recolle que o prezo unitario indicado (314,60 €) constitúe a cantidade que, como máximo, poderá ofertar o licitador, entendendo que o mesmo inclúe calquera tributo, gasto ou custo que poda repercutir no prezo final, incluído o IVE que deberá soportar a Administración contratante e que non se admitirán ofertas que superen o prezo unitario máximo, a mesa de contratación acorda elevar ao Órgano de Contratación a seguinte proposta:

Declarar deserto o contrato de Subministro de emulsión asfáltica tipo C65B3 TRG para o Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo, por non terse presentado ofertas admisibles, de conformidade co artigo 150.3 da LCSP, ao superar a única oferta presentada o prezo unitario máximo.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011.”

Polo que vai dito e en base ao mesmo, proponse, que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar deserto o contrato de Subministro de emulsión asfáltica tipo C65B3 TRG para o Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo, por non terse presentado ofertas admisibles, de conformidade co artigo 150.3 da LCSP, ao superar a única oferta presentada o prezo unitario máximo.

2º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a declaración de deserto, de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE INCOACIÓN DO PROCEDEMENTO DE PERDA DO DEREITO AO COBRO DE SUBVENCIÓN, ASÍ COMO DO PROCEDEMENTO DE REINTEGRO DE ANTICIPO DE SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE MELLORA DO ABASTECIMENTO E DA CALIDADE



DA AUGA NO MEDIO RURAL MEDIANTE O APROVEITAMENTO EFICIENTE DOS RECURSOS HÍDRICOS, ANO 2016.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Vistos os informes do Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos, así como a proposta a Xunta de Goberno, do Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente, D. Argelio Fernández Queipo, de data 24 de xaneiro de 2018, na que se propón a aprobación de incoación do procedemento de perda do dereito ao cobro de subvención, así como do procedemento de reintegro de anticipo de subvención outorgado dentro do programa de mellora de abastecemento e da calidade da auga no medio rural mediante o aproveitamento eficiente dos recursos hídricos, ano 2016.

Proponse á Xunta de Goberno a adopción dos acordos reflectidos na mencionada proposta e que resultan do seguinte teor:

1º.- Iniciar o procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro da subvención outorgada a Asociación Veciños Pico Mouro (Trabada), por importe de 10.000,00 €, para a realización das Obras de “Reparación red agua en Trabadelas”, por incumprimento da condición establecida con motivo da concesión da subvención, ao non executar as obras axustándose aos termos da memoria valorada presentada conxuntamente coa solicitude, conforme ao o regulado no artigo 89.2 do Real Decreto 887/2006, e os artigos 37 e 42 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

2º.- Iniciar o procedemento de reintegro de subvención contra a Asociación Veciños Pico Mouro (Trabada), co alcance do anticipo abonado por importe de 9.500 €, para a realización das Obras de “Reparación red agua en Trabadelas”, por incumprimento da condición establecida con motivo da concesión da subvención, ao non executar as obras axustándose aos termos da memoria valorada presentada conxuntamente coa solicitude, condicionando o mesmo a resolución do procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro da subvención.

3º.- Notifíquese ao interesado o citado acordo de inicio do procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da subvención así como o inicio de procedemento de reintegro do anticipo concedido, con indicación da posibilidade de efectuar, contra o mesmo, as alegacións que considere apropiadas aos seus dereitos e lexítimos intereses, así como aportar a documentación que, aos mesmos efectos, considere apropiada, concedéndoselle para iso un prazo de quince días (artigo 94.2 do RD 887/2006).

4º.- Nomear instrutor do procedemento a D. José López-Cancelos Rodríguez”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABAJO.

Visto o Plan de Seguridade e Saúde da obra que se indica, presentado polo contratista adxudicatario, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informe emitido polo director técnico da obra e polos servizos técnicos desta Excma. Deputación Provincial, así como a proposta da Presidencia a Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- Aprobar o Plan elaborado para a súa aplicación á obra que se relaciona.

2º.- Comunicar esta aprobación ao director técnico e contratista, para o seu cumprimento durante a execución da obra.

OBRA CUXO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBA

Obra: Acondicionamiento LU-P-2601 “Xove (LU-862)-Portiño de Morás (LU-P-2602)”, P.K. 0+400 -2+850. XOVE.



Contratista: CARFERLO, S.L.

9.- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE COMPATIBILIDADE A UN TRABALLADOR QUE PRESTA SERVIZOS COMO PERSOAL EVENTUAL DESTA ENTIDADE PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Don Enrique José Gómez Souto, que presta servizos na Deputación Provincial de Lugo, como persoal eventual; solicita autorización de compatibilidade para prestar servizos, en réxime laboral a tempo parcial, mediante contrato de duración determinada, como Profesor Asociado con dedicación P3, na Facultade de Humanidades da Universidade de Santiago de Compostela área de coñecemento Comunicación Audiovisual e Publicidade, con perfil Difusión Cultural (G5101423).

Considerando que:

Dos antecedentes que obran no Negociado de Admón. de Recursos Humanos despréndese que Don Enrique José Gómez Souto presta servizos no posto de Asesor de Nivel II, adscrito ao Grupo Popular Provincial,

En relación aos requisitos esixidos pola Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao servizo das Administracións Públicas, que resulta de aplicación, débese sinalar:

A actividade docente cumpre o esixido no artigo 4.1 da citada Lei 53/84, xa que se desenvolve en réxime de dedicación a tempo parcial e con duración determinada.

A realización da segunda actividade pública como profesor asociado non modifica a xornada nin o horario nesta Deputación xa que o desempeño do segundo posto supón unha dedicación parcial de 90 horas anuais a realizar en xornada de tarde.

O réxime retributivo aplicable ao traballador cumpre os límites establecidos no artigo 7.1 da norma xa que a cantidade percibida en ambos os dous postos non supera á correspondente a prevista na para o cargo de Director Xeral, nin supera a correspondente ao principal, considerada en réxime dedicación ordinaria, nun 30 por 100, ao ser funcionario do grupo A, Subgrupo A1.

O interesado opta por percibir as pagas extra con cargo a esta Deputación xa que conforme ao artigo 7.2 antes citado só poderanse percibir nun dos postos.

Para cumprimento do sinalado no artigo 7.2 da citada Lei 53/84, os servizos prestados no segundo posto non se computan para os efectos de trienios e dereitos pasivos.

O informe do Servizo de Recursos Humanos, que acompaña, é favorable.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Declarar compatible a actividade que D. Don Enrique José Gómez Souto realiza no posto de Asesor Nivel II como persoal eventual nesta Entidade, cunha segunda actividade nun segundo posto de traballo como Profesor Asociado con dedicación P3, na Facultade de Humanidades da Universidade de Santiago de Compostela área de coñecemento Comunicación Audiovisual e Publicidade, con perfil Difusión Cultural (G5101423), actividade que desenvolverá fora do horario establecido para prestar servizos nesta Entidade, coas outras limitacións e condicionantes sinalados na Lei 53/84, de 26 de decembro, quedando automaticamente sen efectos polo cambio de posto de traballo ou polas circunstancias sinaladas na citada Lei, sen menoscabo de que o incumprimento das condicións legais establecidas, poida ser sancionado conforme ao Réxime Disciplinario de aplicación, quedando o funcionario na obriga de presentar nesta Entidade a documentación acreditativa da relación laboral, así como as súas condicións, que manteña coa Universidade de Santiago de Compostela, na Facultade de Humanidades do Campus de Lugo”.



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 7026/2020.

Logo de ver a Dilixencia de Ordenación de data 7 de febreiro de 2020, ditada pola Sección 3ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no Procedemento: Peza Separada de Medidas cautelares 7026/2020 - Procedemento Ordinario 7026/2020, seguido a instancia da entidade IURISLOCALIA CONSULTORES, S.L.P. E HIJOS DE VALBUENA Y RON, S.L. UTE, fronte a esta Deputación Provincial, en materia de contratos administrativos; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

2º.- A remisión, se fora preciso, do expediente administrativo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluída a compañía aseguradora se fora preciso.

11.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

12.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.